


A continuación infórmase dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 22 de novembro de 2017 na sala de xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 9 de outubro de 2017.
- \* Aprobación da oferta de emprego público do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017.
- \* Aprobación da modificación da relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos laboral.
- \* Aprobación da oferta de emprego público do persoal de administración e servizos.
- \* Aprobación da proposta de alleamento de ben inmovible de carácter patrimonial da Universidade de Vigo.
- \* Estimación parcial do recurso de alzada presentado por Fernando Pérez Fontán, Francisco Javier Fraile Peláez e José Luis Rodríguez Rodríguez contra o procedemento de asignación de docencia de grao aprobado no Consello de Departamento do 14 de xullo de 2017, no sentido de retrotraer o procedemento ao día 14 de xullo de 2017 para que o Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions acorde os criterios de asignación de docencia de forma motivada.
- \* Desestimación do recurso de alzada presentado por Miguel Cuevas Alonso sobre o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do 05/07/17, no que se aproban as actas das xuntanzas anteriores.
- \* Aprobación dos seguintes convenios: Convenio de cooperación académica entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster universitario en Xenómica e Xenética – Convenio de cooperación académica entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Ciberseguridade – Convenio de cooperación académica entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Economía – Convenio de cooperación académica entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster Universitario en Acuicultura – Convenio de cooperación académica entre a universidade de Santiago de Compostela a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e Xestión do Medio Natural – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Salle Noroeste* – Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Departamental de Bellas Artes* – Convenio de colaboración entre a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar aos investigadores do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma Latinoamericana –UNAULA*-(Colombia).

Vigo, 23 de novembro de 2017

A Secretaria Xeral



Gloria M. Pena Uris

